

EU SON FUNDACIÓN

Boletín informativo da Fundación Breogán

Nº12

3º trimestre 2025



TORNEO 3X3 SEIJO / SILVOSA

Unha lembranza entrañable a dous grandes da radio deportiva lucense

PRESENTACIÓN C.B. BREOGÁN 25.26

Celebrando o comezo dunha nova tempada na élite do baloncesto

NOVA TEMPADA DE LUZ AO DEPORTE

Jaime Nava abre o ciclo

NOVO PROXECTO: MEMORIA CELESTE

Un espazo onde as nosas lendas seguen a inspirar o presente e a conectar co futuro.

NINGÚN ARO SEN REDE 24.25

Resultados e entrega de premios aos gañadores





MIRANDO CARA O NOVO CURSO

Chega unha nova edición de Eu Son Fundación, o boletín trimestral da Fundación Breogán correspondente aos meses de xullo, agosto e setembro de 2025.

O verán adoita ser un tempo de pausa nas actividades habituais, pero tamén un período de reflexión, planificación e preparación dos proxectos que darán vida ao novo curso.

Setembro marca sempre un novo comezo, cheo de ilusións renovadas e iniciativas que buscan seguir fortalecendo o compromiso social e deportivo que nos define.

Neste número compartimos os pasos dados durante estes meses e adiantamos o que está por vir. Grazas por acompañarnos, unha vez máis, neste camiño común.



CALENDARIO 25.26

1ª VOLTA



04OUT X1
SÁBADO 21:00



FOGAR DO BREOGAN
12OUT X2
DOMINGO 17:00



18OUT X3
SABADO 21:00



25OUT X4
SABADO 19:00



FOGAR DO BREOGAN
01NOV X5
SABADO 21:00



FOGAR DO BREOGAN
08NOV X6
SABADO 19:00



UCAM
UNIVERSIDAD
Club de Baloncesto
16NOV X7
DOMINGO 18:00



FOGAR DO BREOGAN
22NOV X8
SABADO 21:00



06DEC X9
SABADO 21:00



FOGAR DO BREOGAN
13DEC X10
SABADO 19:00



FOGAR DO BREOGAN
21DEC X11
DOMINGO 12:00



27DEC X12
SABADO 21:00



FOGAR DO BREOGAN
29DEC X13
LUNES 20:00



FOGAR DO BREOGAN
03XAN X14
SABADO 18:00



10XAN X15
SABADO 21:00



17XAN X16
SÁBADO 19:00

Co
Celeste
PEITO



FOGAR DO BREOGAN
24XAN X17
SÁBADO 19:00

PRESENTACIÓN

CB BREOGÁN

O BREOGANISMO CELEBRA O COMEZO DUNHA NOVA TEMPADA

O corazón de Lugo volveu latexar en celeste. A Praza da Mosqueira, ao pé da muralla romana, converteuse nunha auténtica festa breoganista coa presentación oficial do Río Breogán para a tempada 2025-26. Numerosos afeccionados achegáronse para coñecer de preto ao equipo e descubrir a nova equipación que acompañará ao conxunto lucense nesta nova etapa.

O acto, cargado de simbolismo, tivo lugar nun escenario escollido con intención: render homenaxe á muralla de Lugo no ano no que se conmemora o 25º aniversario da súa declaración como Patrimonio da Humanidade pola Unesco. “Quixemos unir a historia da cidade coa nosa propia historia”, explicou o director xeral do club, Salva Arco, quen destacou o excelente ambiente e a participación da afección.

A tarde transcorreu entre música, entusiasmo e sorpresa. Baixo a animación do speaker do Breo, Jacobo Gómez, o público viviu un momento moi especial cando, tras varios intentos por descubrir o segredo gardado nunha caixa forte, se revelou o esperado contido: a nova camisola breoganista. A súa presentación provocou unha gran ovación e o despregue dunha espectacular versión xigante, de seis metros de longo, que se descolgou da muralla para simbolizar a unión entre o equipo e a cidade.

Inspirada na mítica tempada 2002-2003, a nova camisola mestura deseño e emoción, con ese aire retro que tanto gusta á afección. Unha prenda que, máis aló da estética, representa o espírito dun club que segue facendo historia coa forza da súa xente.



“Este acto é unha homenaxe á nosa cidade e á nosa historia. A muralla é símbolo de identidade e resistencia, valores que tamén definen ao Breogán.”

— SALVA ARCO, DIRECTOR XERAL DO RÍO BREOGÁN —



LUZ AO DEPORTE

COMPROMISO, APRENDIZAXE E FUTURO

A Fundación Breogán presentou no mes de setembro unha nova edición do ciclo “Luz ao Deporte”, un proxecto que dende 2022 pon o deporte ao servizo da educación, achegando á mocidade lucense as experiencias vitais e profesionais de deportistas de elite.

Entre setembro e decembro de 2025 celebrarase a 4ª edición deste programa, que incluírá catro charlas dedicadas a promover valores como o esforzo, a superación, o traballo en equipo, a motivación e a resiliencia.

Cada ano, máis de 300 estudantes participan nestes encontros, vivindo de preto testemuños que inspiran e contribúen ao seu crecemento persoal e colectivo.

Unha iniciativa da Fundación Breogán, en colaboración coa Xunta de Galicia e ABANCA.



A presentación oficial da 4ª tempada de Luz ao Deporte tivo lugar o pasado 10 de setembro e na mesma estiveron presentes o director da Fundación Breogán, **Luis Abel Taboada**; o Delegado Territorial da Xunta de Galicia, **Javier Arias Fouz**; e o Vicesecretario de Programas e Xuventude na Xunta Local de Lugo, **Javier Vázquez Prado**.

CICLO DE CONFERENCIAS
4ª EDICIÓN

LUZ ao DEPORTE



//ABANCA



XUNTA
DE GALICIA

galicia

JAIME NAVA

CORAZÓN DE LEÓN

O encargado de inaugurar o ciclo foi Jaime Nava, ex-capitán da Selección Española de rugby, actor e conferenciante, quen compartiu co alumnado lucense unha inspiradora charla sobre o valor do traballo en equipo, o liderado e a capacidade de superación.

Ao longo da sesión, Nava convidou a reflexionar sobre a forza do grupo e o sentimento de pertenza como motores de cambio persoal e colectivo, ofrecendo tamén aprendizaxes aplicables á vida cotiá e ao ámbito profesional.

O encontro, celebrado no salón de actos do Edificio Administrativo da Xunta de Galicia en Lugo, reuniu a estudantes de varios centros educativos, que viviron unha experiencia única de motivación e aprendizaxe a través do deporte.

Desde a Fundación Breogán agradecemos especialmente a participación de Jaime Nava e o apoio institucional de Javier Arias Fouz, Delegado Territorial da Xunta, e de Zaira Dapena, Directora Territorial de ABANCA.





Albia

FUNERARIA FERNÁNDEZ

ALBIA

FUNERARIA

FERNÁNDEZ

Empresa Benefactora



MEMORIA CELESTE

PRESERVAR O PASADO, INSPIRAR O FUTURO

MEMORIA CELESTE

AS NOSAS LENDAS, A NOSA HISTORIA.



A Fundación Breogán pon en marcha o proxecto “**Memoria Celeste**”, unha iniciativa que nace coa vontade de preservar e celebrar a historia viva do **Club Baloncesto Breogán** a través das voces das súas lendas: xogadores, adestradores e figuras que deixaron unha fonda pegada no Pazo dos Deportes e na memoria da nosa afección.

Trátase de crear un espazo emocional, documental e divulgativo onde lembrar, recoñecer e compartir as experiencias das persoas que construíron o club desde dentro. Son historias humanas de superación, compromiso, amizade e identidade celeste, contadas en primeira persoa e co corazón.

Durante o último trimestre de 2025 comezaremos a facer realidade este proxecto, integrando ás lendas do Breogán nas diferentes actividades da Fundación, para que poidan achegar a súa sabedoría, a súa visión da historia do club e os valores que representan.

“**Memoria Celeste**” quere ser moito máis ca un arquivo audiovisual: é unha homenaxe viva, unha ponte entre xeracións que conecta o pasado co presente e co futuro, fortalecendo o sentimento de pertenza á familia breoganista.


Porque quen coñece a súa historia, xamais esquecerá quen é.

BREOGÁN CLUB DE BALONCESTO



De pé: Manolo Jato (Adestrador), Amando Pérez, Manolo Díaz, Modia, José Luís Lázaro e Manuel Fdez. "Pirulo".
Sentados: Rogelio (Masaxista), Carlos Lamela, Miguel Bourio, Alfredo Aguado, Angel Serrano e Emilio Montecelo

EQUIPO QUE NA TEMPADA 1969 - 70 ASCENDEU A PRIMEIRA DIVISIÓN



UN TRIBUTO Á COMUNICACIÓN DEPORTIVA LUCENSE

O sábado 27 de setembro de 2025, as Pistas Exteriores do Pazo dos Deportes de Lugo acolleron a primeira edición do **Torneo 3x3 Seijo / Silvosa**, organizado pola **Fundación Breogán** e a **Cadena SER Lugo**.

Unha mañá chea de emoción, camaradería e lembranza, dedicada a dúas figuras queridas e inesquecibles da radio deportiva lucense: **Arcadio Silvosa** e **Pepe Seijo**, voces que acompañaron xeracións de afeccionados co seu entusiasmo e paixón polo deporte.



As finais foron retransmitidas en "streaming" e ao equipo da SER sumáronse tres comentaristas de luxo: Erik Quintela, Paco Basanta e Edgar Paz.



Este torneo naceu co propósito de manter viva a memoria de dous profesionais que fixeron historia coa súa forma de contar o deporte.

Arcadio Silvosa, xornalista de voz inconfundible e grande contador das xestas do **Breogán**, foi durante décadas unha referencia na radio lucense, combinando rigor, sensibilidade e retranca.

Pepe Seijo, o seu relevo natural, destacou pola súa proximidade, honestidade e paixón informativa. O seu lema era claro: "*contarlle á xente o que lle pasa á xente*".

Ambos deixaron un legado humano e profesional que transcende o micrófono e segue inspirando a quen ama o deporte e a comunicación.



SER

Radio
Lugo

“Eventos coma este fan que a memoria non esmoreza e que as novas xeracións coñezan quen foron aqueles que puxeron voz ao deporte lucense.”

Deporte, amizade e comunidade

O torneo contou con categorías senior masculina e feminina, equipos de ata cinco xogadores e un máximo de oito participacións, garantindo un ambiente próximo, competitivo e divertido.

Durante toda a mañá, o público gozou de partidos vibrantes e dun espírito de deporte limpo, compañeirismo e memoria compartida.

Cada canastra, cada aplauso e cada sorriso foron unha homenaxe viva a Pepe e Arcadio.



11

Unha mañá para lembrar

O evento converteuse nun encontro interxeracional, que uniu xornalistas, deportistas, afeccionados e veciños de Lugo arredor dun mesmo sentimento: o agradecemento.

Con cada xogada sentimos presente o legado de quen puxeron voz e alma á historia deportiva da nosa cidade.

Desde a Fundación Breogán e a Cadena SER Lugo queremos agradecer a participación de todos os equipos, o apoio do público e o agarimo mostrado durante a xornada.

Cada canastra, cada aplauso e cada sorriso foron unha homenaxe viva a Pepe e Arcadio.



CLUB BALONCESTO



Dewayne Russell



Dominik Mavra



Érik Quintela

12



Arturs Kurucs



Francis Alonso



Aleksandar Aranitovic



Keandre Cook



Bakary Dibba



Mihajlo Andric



Dragan Apic



Jordan Sakho



Danko Brankovic

“Temos máis versatilidade e xogadores máis polivalentes con respecto á tempada anterior”

— LUIS CASIMIRO, ADESTRADOR DO RÍO BREGÁN —

NINGÚN ARO SEN REDE

DEIXAR PEGADA, SEN DEIXAR RESIDUOS

Durante o curso 2024/25, 10 centros educativos da cidade e da provincia de Lugo sumáronse ao reto de recoller material de escritura en desuso, demostrando que a educación e o coidado do medio ambiente poden ir da man.

Foron meses de traballo, colaboración e aprendizaxe compartida, nos que cada bolígrafo, rotulador ou lapis recollido converteuse nun pequeno paso cara a un futuro máis sostible.

Resultados da III Edición (Curso 24/25)

- 1 **Colexio Plurilingüe Franciscanos (Lugo) → 20,8 kg**
- 2 **CEIP Plurilingüe Lagostelle (Guitiriz) → 12,2 kg**
- 3 **CPRP Nosa Sra. da Asunción (Sarria) → 11,5 kg**

Ademais, grazas ao compromiso e participación de:

CEIP Plurilingüe de Xermade – 11,0 kg
CEIP Plurilingüe Poeta Avelino Díaz (Meira) – 8,2 kg
Colexio Maristas A Inmaculada (Lugo) – 6,4 kg
CPR Plurilingüe Cervantes (Lugo) – 6,2 kg
CEIP Plurilingüe de Monforte de Lemos – 1,0 kg
CPI Uxío Novoneyra (Pedrafita do Cebreiro) – 0,35 kg
CEIP As Nogais – 0,30 kg

14

ECOBALLUTION

UNED

LUGO





- Trofeos personalizados de Oartesan3D
- Invitacións para partidos do CB Breogán
- Vales para libros de temática ambiental
- Lotes de redes recicladas

Acto de entrega de premios do III Concurso “Ningún Aro Sen Rede”, no que o director da Fundación Breogán, **Luis Abel Taboada**, fixo entrega dos recoñecementos aos representantes dos centros gañadores: David – Colexio Franciscanos Lugo; Jorge – CEIP Plurilingüe Lagostelle e Irene – Colexio Asunción Samia.

No evento contamos coa presenza de **Ana Traseira**, directora da **UNED Lugo**, e **Alejandro Rodríguez**, en representación da institución. finais foron retransmitidas en “streaming” e ao equipo da SER sumáronse tres comentaristas de luxo: Erik Quintela, Paco Basanta e Edgar Paz.



Co comezo do novo curso, arrinca a 4ª edición do proxecto Ningún Aro Sen Rede. As prazas están xa completas e, nas vindeiras semanas, comezaremos a repartir os contedores de recollida entre os centros participantes.

Unha nova tempada chea de ilusión, compromiso e conciencia ambiental.

O verdadeiro premio é ver como o alumnado entende que o coidado do planeta comeza nos pequenos detalles.



FINCAS LUGO

Empresa Colaboradora

PROXECTO

AROS

INICIO
Out. '25

Tempada 25/26

AROS

Luz



PROMOVENDO ESPAZOS DE
**RECUPERACIÓN, INTEGRACIÓN
E BENESTAR**

PERSOAS CON TODO POR DIANTE,
CON DEREITO A **SOÑAR** E A **AVANZAR**
NO DEPORTE, NA **SOCIEDADE** E NA
VIDA

AROS

Futuro

DOWN

Asociación
Síndrome
de Down

17

AROS

Vida



COGAMI

CONFEDERACIÓN GALEGA
DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE

UN ESPAZO PARA A **INCLUSIÓN**,
A **PARTICIPACIÓN** E A
DIVERSIDADE

A FUNDACIÓN BREOGÁN E O **HULA** ÚNENSE
PARA PROMOVER O BENESTAR INTEGRAL.
AROS SAÚDE AVANZA NA ATENCIÓN Á
SAÚDE MENTAL A TRAVÉS DO DEPORTE

AROS

Saúde



ÁREA SANITARIA DE LUGO
A MARIA E MONFORT DE LEMOS



HOSPITAL DE DÍA DE SAÚDE MENTAL - H.U.L.A

tod@s temos un aro que alcanzar



DEPUTACIÓN
DE LUGO



Deportes

VICEPRESIDENCIA






Colaboración

SAN VICENTE CENTRO DE PAULLUGO

FUNDACIÓN

Breogán



Cada proxecto, cada actividade, cada sorriso compartido, é parte dun mesmo obxectivo:
educar a través do deporte, **crear** comunidade e **construír** futuro.

EU SON FUNDACIÓN

BOLETÍN INFORMATIVO DA FUNDACIÓN BREOGÁN

Se desexas formar parte da **FUNDACIÓN BREOGÁN**, tanto como empresa ou socio benefactor e ser partícipe de tódolos nosos proxectos, tes a opción de unirse a nós en ***www.fundacionbreogan.org***.

Cremos firmemente no deporte como ferramenta de transformación social, contribuíndo así a unha sociedade máis xusta, integradora e onde os máis novos sexan educados na base de valores como o esforzo, superación, perseverancia, igualdade, respecto, deportividade, solidariedade, etc. Sé parte do cambio e da con nós ***O seguinte paso no sentimento*** breoganista.

